



A FOLLA DA CGT

Núm. 10 - 13 febreiro 2020

IA: Abusos e máis abusos

Hai traballadores da IA que foron despedidos por rebaixarse a causa dun **accidente laboral**.

E o xoves 27 será o xuízo contra tres

delegados da CIG de Maessa **sancionados** baixo a acusación de abandono do posto de traballo en marzo de 2019 por acudir á mobilización en apoio a Poligal convocada polo comité de Navantia.

É intolerable que isto ocorra dentro dunha empresa pública. Pero a responsabilidade non é só das auxiliares involucradas, se-

nón tamén da dirección de Navantia que consinte que haxa compañías que cometen tales abusos.

Todo o movemento obreiro da nosa factoría (comité da principal, delegados da IA, o conxunto dos traballadores e traballadoras) debemos esixir a **inmediata readmisión** dos despedidos e solidarizarnos cos compañeiros sancionados **arroupándoos masivamente o día do xuízo**.



Novos ingresos, novos argumentos

Na rolda de asembleas parciais, estanse a oír argumentos que, como mínimo, son "curiosos".

Ademais do habitual da *conspiración planetaria* contra un determinado sindicato, escoitamos outros dous que paga a pena comentar:

1.- "Reabrir o proceso redundaría nun aumento da subcontratación".

Convén lembrar que, en 1999, CCOO asinou un plan que reduciu a plantilla en cerca de 1.000 persoas e que abreu a porta á subcontratación masiva.

En 2005 asinou outro que recortaba 700 postos de traballo máis **sen ningún ingreso**. E dende aquela non se fixo nada ante a subcontratación incluso cando implica deixar ós traballadores da principal en subactividade.

Pero ó mesmo tempo que se argumenta iso, se apoia reabrir algunhas convocatorias. Parece que nalgúns casos non importa se aumenta a subcontratación.

2.- "O retraso nas prazas de ingreso resta promocións en 2020".

Non é a primeira vez que escoitamos al-

go similar. En 2018 dicíase que había que asinar o convenio porque, como os novos ingresos botarán catro anos nos niveis de entrada sen poder ascender, pero si computarán para calcular as prazas de ascenso, isto ía ser *jauja*.

Resulta penoso que dende o sindicalismo se fomente que os traballadores só pensen no seu interese individual, sen ter en conta ós demais.

Se tanto preocupan as promocións, ¿por que se aceptou que 53 prazas de ingreso de Fene-Ferrol correspondentes a 2019 quedasen para o 2020? ¿Tamén nisto as cousas dependen do que se opine delas?

Pero ademais é un argumento **falso** porque o convenio (art. 28) di que as prazas de ascenso dun ano son unha porcentaxe da plantilla "a 31 de decembro do ano anterior". Por tanto, se polos ascensos é, dá exactamente igual que os ingresos sexan o 1 de xaneiro ou o 31 de decembro.

E despois acusan á **CGT** de facer demagogia.

Clasificación GP1 e GP2

O pasado venres houbo unha asemblea do comité cos traballadores/as destes grupos, mal chamados "técnicos superiores", para analizar o proceso da súa clasificación profesional.

Foi masiva e se puido palpar un gran malestar.

Xa expiraron os 9 meses de prazo acordados no convenio para que a Comisión de Política Salarial rematase os seus traballos.

Tras 15 reunións, o único que temos é que a empresa, cunha falta de transparencia total, mandoulles unha carta individual coa letra do seu nivel, sen explicar de onde sae esa clasificación, sen publicar un escalafón e sen aclarar que salario conleva.

Dende a **CGT** pensamos que o comité de empresa, ó marxe das reclamacións individuais que poida haber, debe liderar a oposición a este novo atropelo da empresa. A **forza colectiva** é a que pode virarlle o pulso.

O 31 de marzo remata o prazo fixado no convenio (art. 30) para que Navantia publique o escalafón de **todo** o cadro de persoal, incluídos os GP1 e GP2.

De non publicarse, plantexaremos no comité que se denuncie a Navantia. E se o comité non quere asumir a proposta, a **CGT** si a denunciará porque consideramos moi grave que unha empresa viole o convenio. Moito máis cando é reincidente, xa que o escalafón de 2019 non está publicado.

A dirección quere agochar as súas verdadeiras intencións: unha dobre escala salarial que empeore aínda máis as condicións dos futuros ingresos (con este convenio, toda unha serie de cousas xa pasaron de ser un dereito **colectivo** de toda a plantilla a ser un dereito **individual** de quen xa estaba en Navantia).

A maneira de facelo é rebaixar os valores recollidos nas táboas, garantindo o salario dos que xa estamos dentro da empresa a través de "mochilas", un tema sensible porque poden ser unha trampa moi perigosa: ¿serán absorbibles ou non?, ¿se terán en conta a tódolos efectos económicos ou non?...



Se non a paramos e a empresa se sae coa súa na reclasificación dos GP1 e GP2, iso marcaría o camiño para a reclasificación dos GP3 e GP4.

Neste senso, a **CGT** considera moi positivo este proceso e animamos a estes traballadores/as a continuar nesta liña e incorporarse plenamente á dinámica sindical da factoría xunto co resto de traballadores/as de Navantia e da IA.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:

cgt.fe@navantia.es
naval.ferroltrra@cgtgalicia.org



CGTNavantiaFE